



ANEXO METODOLÓXICO

Febreiro 2007



Dirección do proxecto (CESGA): Ramón Basanta

Coordinación e edición. Equipo do proxecto ICHNOS (CESGA):

Iria Veiga

Diego Nieto

Investigación e traballo de campo: Instituto Sondaxe, S.L.

Ana Barbosa Vázquez

Iria López Cillero

Ana Lesta Mosquera

Isabel García-Carro Pena

María Ramírez Fernández



Tradución e asesoramento lingüístico:



A presente obra pode ser distribuída, copiada ou exhibida por terceiros sempre que se cite a fonte. Os contidos da presente obra non poderán ser usados para a obtención de beneficio comercial.

ANEXO METODOLÓXICO

O estudo sobre a implementación dos portelos únicos empresariais componse dunha serie de seis informes técnicos (monográficos) sobre diferentes cuestións relacionadas co seu contexto e instauración. Ademais destes informes, publicáronse seis monográficos informativos, chamados SCP (Single Contact Point), que son extractos de cada informe técnico.

1. Descrición da técnica:

Para a realización deste traballo de investigación, empregáronse basicamente dous métodos cualitativos¹ de investigación social:

1. A análise documental: efectuouse ao longo de todos os monográficos desta investigación. Esta análise permitiu desenvolver e crear un marco teórico no que contextualizar o contido específico de cada informe. Durante os seis informes técnicos fíxose unha ampla investigación documental sobre cada tema no contexto dos portelos únicos empresariais, dende o punto de vista europeo, español e galego.
2. A entrevista en profundidade. É definida por CCI/ESOMAR² como un proceso de comunicación dinámica entre dúas persoas, entrevistador e entrevistado, baixo o control do primeiro, coa finalidade de atopar información o máis vinculante posible sobre o tema obxecto de análise. Ademais, hai que destacar o feito de que as entrevistas realizadas para esta investigación foron semiestruturadas; é dicir, o entrevistador valeuse dunha guía temática que utilizou para marcar a lonxitude en tempo, así como a profundidade que se quería alcanzar nas respostas dos expertos, á hora de solicitar a información necesaria. É importante sinalar que, ao tratarse dunha entrevista dirixida a diferentes perfís (político, técnico e académico), o guión foi adaptado en todo momento a

¹ A investigación cualitativa trata de identificar a natureza profunda das realidades, o seu sistema de relacións e a súa estrutura dinámica.

² European Society for Opinion and Market Research. Asociación Internacional de Empresas de Investigación de Mercado e Opinión.

cada tipo de perfil, para sacar o maior partido á información que cada entrevistado podía ofrecer.

2. Procedemento da investigación.

a) Fase documental: Estivo viva durante toda a execución do estudo. A información teórica estudada plasmouse ao longo dos seis informes técnicos, ademais de achegar a información necesaria para construír o cadro de potenciais expertos aos que poder entrevistar en prol da súa contribución potencial a cada tema.

b) Fase de entrevistas en profundidade:

Dende o 2 de novembro e ata o 28 de decembro de 2006, tres técnicos realizaron as 41 entrevistas ao cadro de participantes que se achega ao final do presente capítulo. A duración media das entrevistas xirou en torno aos 40 minutos, aínda que nalgúns casos se demorou lixeiramente. Toda a información analizada ao longo das diferentes entrevistas plasmouse nos cinco últimos informes técnicos, concretamente no capítulo dedicado exclusivamente ao caso galego, e que denominamos "Da teoría á práctica". Ademais, hai que destacar o feito de que as entrevistas foron a base para a elaboración dos monográficos correspondentes a "Apoio ás empresas en Galicia" e "Xanela única empresarial: o caso galego", xa que coas opinións vertidas polos expertos na materia se puido facer unha aproximación ao estado da cuestión en Galicia.

Para levar a cabo as entrevistas en profundidade déronse os seguintes pasos:

- Primeiramente, realizouse un contacto telefónico previo coas persoas potencialmente interesantes, para ofrecer unha presentación e explicación do Proxecto Europeo ICHNOS. Na mesma chamada invitábase o experto a participar no devandito proxecto, a través dunha entrevista en profundidade.

- A continuación remítíasele ao potencial entrevistado a documentación sobre o Proxecto ICHNOS (Green Paper), así como o guión da entrevista.
- Nun segundo contacto telefónico, e tras a revisión da documentación enviada por parte do experto, concertábase a cita en caso de que o informante accedese a participar no proxecto.
- No día da entrevista, un técnico do equipo de investigación desprazábase ao lugar concertado para realizar a entrevista, que era gravada en audio, logo de consentimento informado de entrevistado.
- Posteriormente, realizábase unha transcripción literal da entrevista para poder analizar o contido da información.

LISTAXE DE PARTICIPANTES

A lista dos entrevistados que se amosa a continuación aparece ordenada por orde cronolóxica.

- Luisa Celis Sanmiguel. Responsable de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local. Concello de Sada. Día: 2 de novembro de 2006. Hora: 10:00 h.
- Daniel Ramos Lobón. Presidente da Asociación Marineda de Novos Empresarios (AMJE). Día: 2 de novembro de 2006. Hora: 17.00 h.
- José Manuel García Orois. Director da Cámara de Comercio de Vigo. Día: 3 de novembro de 2006. Hora: 11:00 h.
- Ildfonso García Graña. Responsable Viveiro de empresas. Cámara de Comercio de Ferrol. Día: 3 de novembro. Hora: 12:00 h.
- Carlos Fernández Bermúdez. Xefe do Servizo de Promoción Empresarial da Cámara de Comercio da Coruña. Día: 7 de novembro de 2006. Hora: 10:30 h.

- Berta Mosquera Arjona. Coordinadora do Servizo de Asesoramento a Emprendedores (SAE). Concello de Vigo. Día: 8 de novembro. Hora: 12:00 h.
- Eva González González. Xerente da Asociación de Jóvenes Empresarios de Galicia (AJE). Vigo. Día: 8 de novembro. Hora: 12:00 h.
- José Carlos Álvarez Fernández. Catedrático de Universidade. Departamento de Organización de Empresas. Universidade de Vigo. Día: 8 de novembro de 2006. Hora: 16.30 h.
- Carlos Palleiro Álvarez. Director do Instituto de Desenvolvemento Caixanova. Día 8 de novembro de 2006. Hora: 17:30 h.
- Filomena Casal Gómez. Secretaria xeral da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela. Día: 9 de novembro de 2006. Hora: 10:00 h.
- Javier López Martínez. Director xeral da Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA). Día: 13 de novembro. Hora: 10:30 h.
- Alberto Meixide Vecino. Director técnico CIEF Centro de Investigación Económica e Financeira (CIEF) da Fundación Caixa Galicia. Día: 13 de novembro. Hora: 12:30 h.
- Roberto Graña Escalante. Técnico Centro de Innovación e Transferencia de Tecnoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Día: 13 de novembro. Hora: 16:30 h.
- Gonzalo González Pérez. Director comercial de AFIGAL, Sociedade de Garantía Recíproca. Día: 14 de novembro de 2006. Hora: 14:00 h.
- Leonor Herrera Benítez. Técnico Cámara de Comercio de Tenerife. Día: 15 de novembro de 2006. Hora: 11:30 (entrevista telefónica).
- Xosé Manuel Iglesias Iglesias. Concelleiro de Promoción Económica Concello de Santiago de Compostela. Día: 20 de novembro de 2006. Hora: 08:30 h.



- Carlos Silva Liste. Subdirector de Información Especializada do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE). Día: 20 de novembro de 2006. Hora: 10:00 h.
- Alberto Fernández Piñeiro. Xerente Cámara de Comercio de Lugo. Día: 21 de novembro de 2006. Hora: 10:00 h.
- Mercedes Sanjurjo e Marcos Bellé. Técnicos do Rexistro Mercantil de Lugo. Día: 21 de novembro de 2006. Hora: 12:00 h.
- Paula Lema. Técnica local de emprego. Concello de Carballo. Día 21 de novembro. Hora: 12:00 h.
- Belén Fernández. Técnica do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE). Día: 22 de novembro de 2006. Hora: 10:00 h.
- Pablo Egerique Martínez. Presidente do Consello Económico e Social de Galicia (CES). Día: 22 de novembro de 2006. Hora: 12:00 h.
- Ángel Bernardo Tahoces. Grupo Parlamentario PP (voceiro de Industria). Día: 22 de novembro de 2006. Hora: 16:30 h.
- Eva Real Serén. Concelleira de Promoción Económica e Emprego. Concello de Lugo. Día: 24 de novembro de 2006. Hora: 12:30 h.
- Fernando Blanco Parga. Grupo Parlamentario BNG (voceiro de Industria). Día: 28 de novembro de 2006. Hora: 13:00 h.
- Juan Manuel Juncal Rodríguez. Alcalde de Ferrol. Día: 30 de novembro de 2006. Hora: 11:30 h.
- Francisco López Sieiro. Técnico da área de Promoción Económica do Concello de Pontevedra. Día: 4 de decembro de 2006. Hora: 12:00 h.
- Enrique Vila Sánchez. Director da Área de Emprendedores de Bic Galicia. Santiago de Compostela. Día: 5 de decembro de 2006. Hora: 10:00 h.

- Jesús Medievilla Técnico DX de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas. Día: 5 de decembro de 2006. Hora: 12:00 h.
- Julio Sequeiros Tizón. Catedrático de Estrutura Económica. Universidade da Coruña. Día 5 de decembro de 2006. Hora: 19:00 h.
- Carlos Rodríguez Navarrete. Técnico do Servizo Municipal de Emprego do Concello da Coruña. Día: 11 de decembro de 2006. Hora: 11:45 h.
- Manuel López Pardiñas. Decano do Colexio Notarial de Bilbao. Día: 12 de decembro de 2006. Hora: 17:00 (entrevista telefónica).
- Manuel Vázquez Sesmonde. Xefe da Sección da Unión Europea e Acción Exterior da Deputación da Coruña. Día: 13 de decembro de 2006. Hora: 09:15 h.
- Ernesto Abati García-Manso. Subdirector xeral de Simplificación Administrativa e Programas de Atención ao Cidadán. Día: 14 de decembro de 2006. Hora: 17:15 (entrevista telefónica).
- Antonio Pérez Casas. Asesor da Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. Día: 18 de decembro de 2006. Hora: 09:00 h.
- Gonzalo Gómez Montaña. Director Xeral Técnico Centro Informático para a Xestión Tributaria (CIXTEC). Día: 18 de decembro de 2006. Hora: 13:15 h.
- Marta Iglesias Bueno. Concelleira de Participación Cidadá, Benestar Social e Réxime Interior. Concello de Vigo. Día: 18 de decembro de 2006. Hora: 17:00 h.
- Salustiano Mato de la Iglesia. Director xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria. Día: 21 de decembro de 2006. Hora: 11:00 h.
- Manuel Jaime Cabezas. Alcalde de Ourense. Día: 22 decembro de 2006. Hora: 11:00 h.



- José Juan Cerdeira Lois. Director da Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Deputación de Ourense. Día: 22 de decembro de 2006. Hora: 12:30 h.
- José Juan Durán Hermida. Vicepresidente da Deputación de Pontevedra. Día: 28 de decembro de 2006. Hora: 11:00 h.